

Francisco Javier Martínez Santiso (I): «inteligente de obras»

ALFREDO ERÍAS MARTÍNEZ*
XOSÉ M^a VEIGA FERREIRA*

Sumario

Iniciamos aquí unha serie de traballos destinados a coñecer a obra técnica e artística de Francisco Javier Martínez Santiso, comezando pola súa faceta de «inteligente de obras», semellante ó que hoxe sería un aparelador ou mesmo un arquitecto.

Abstract

This is the beginning of a series of works aimed at understanding the technical and artistic works of Francisco Javier Martínez Santiso, commencing with his facet as “superintendent of works”, similar to what today would be a surveyor or architect.

Francisco Javier Manuel Vicente Martínez Santiso naceu en Betanzos (no nº 15 dos soportais do Campo) o 3 de decembro de 1868 e finou na mesma cidade o 27 de outubro de 1934. Criouse nun ambiente culto, como se deduce do feito de que seu pai, Manuel Martínez Vega, era licenciado en Medicina e Ciruxía. A nai, da que sabemos pouco, era Vicenta Santiso Seoane.



*Francisco Javier Martínez Santiso
alrededor de 1920.*

Como queira que a súa filla, Rosina Martínez Barral, fixo unhas «notas biográficas» del, publicadas no *Anuario Brigantino 1983*, limitáremos agora a sintetizar e engadir ou subliñar determinados aspectos xurdidos da documentación con que contamos no Arquivo Municipal de Betanzos.

De neno estudou na escola do ex-convento de Santo Domingo, de Betanzos, e, despois, durante catro anos, desde os 11, no «Colegio de D. Luis Dequit», da Coruña, cidade na que aprendeu debuxo e pintura con D. Cayetano López. Di a súa filla que en Betanzos tamén estudou debuxo e pintura con un tal D. Joaquín Franco, pero non existe tal nome segundo os Padróns de Habitantes. Supoñemos que se trata en realidade de Jorge Franco Sanz, un fotógrafo nado no 1845 en Borja (Zaragoza), que desde o 1886 estaba establecido na Rúa Nova, 63 (logo,

* Alfredo Erias Martínez é director do *Anuario Brigantino*, do Arquivo e Biblioteca Municipais de Betanzos e do Museo das Mariñas. <http://www.alfredoerias.com>

** Xosé M^a Veiga Ferreira é licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e traballa no Arquivo Municipal de Betanzos.

no núm. 55 arredor de 1889). Sería lóxico, posto que unha das facetas máis interesantes de FJ Martínez Santiso será a de fotógrafo (aprendería con Jorge Franco, polo tanto), un fotógrafo aficionado se se quere, posto que non viviu deso, pero as fotos que del coñecemos dinnos que son as máis antigas con imaxes da cidade e, ademais, teñen unha calidade excelente. Son obra dun artista, dun gran técnico en todo o proceso e tamén, dunha mente investigadora e con sentido documentalista como corresponde a un home moi interesado pola historia local e polo que hoxe chamariamos a Etnografía e a Antropoloxía (Erias e Veiga, 2001).

Contamos coa nota dun exame de «Física y Química» feito por el como alumno do «Instituto de la Coruña» no curso 1887-88. E tamén coa «Inscripción para el grado de Bachiller» no «Instituto de Santiago», curso 1888-89 (AMB, c. 4394).

Unha serie de certificados (AMB, c. 4394) danos idea do *cursus honorum* deste home. O Concello de Betanzos en sesión de 24-VI-1889 nomeouno «Catedrático de Latín y Humanidades del Colegio Municipal de esta ciudad, subvencionado por la Excma. Diputación Provincial». No dito colexio, o 16-IX-1889 foi nomeado profesor de Francés, no 1º e 2º curso, así como de Xeografía. Deixou estes postos o 1-X-1896 por unha rebaixa de soldos que impuxo o director.

O 1-X-1901 entrou a formar parte do claustro de profesores do «Centro Instructivo Municipal, comprensivo de la Escuela de Artesanos, Carreras Especiales y Colegio de Segunda Enseñanza, subvencionado por la Excma. Diputación», encargándose de «las Cátedras de Dibujo de Segunda Enseñanza, las de lineal y artístico de la Escuela de Artesanos y Carreras especiales, como también las de Caligrafía y Francés, primero y segundo curso de los estudios del Magisterio y Bachillerato, mereciendo por su provecho y fecunda labor, los más efusivos plácemes». O Concello, en sesión de 26-XII-1903 nomeouno por unanimidade, «Catedrático de Latín y Humanidades» e, na mesma sesión, e tamén por unanimidade, con carácter interino, Director do dito centro, cargo que desempeñou ata 1915. Ademais, xa fose como numerario ou interinamente, dirixiu as cátedras de outras asignaturas da «segunda enseñanza y carreras especiales» na sección de «Ciencias».

O título de «profesor especial de dibujo y caligrafía de la Escuela Superior de Comercio de Santa Cruz de Tenerife» foille expedido en Madrid, polo Ministerio de «Instrucción Pública y Bellas Artes» o 5-VI-1914. A partir de setembro de 1915 foi profesor da «Escuela Pericial de Comercio de León» e, ó mesmo tempo, opositaba ás prazas de «Profesores de Dibujo de varias Escuelas Normales de Maestros y de Maestras».

A súa vida intelectual ía máis aló de Betanzos e así sabemos que foi «Académico Correspondiente» da Real Academia Galega desde o 15-IX-1905. E ademais, «Consta haberse dedicado... á la enseñanza particular del Dibujo Artístico desde 1893 a 1903».

Efectivamente, como nos di a súa filla (Rosina Martínez, 1984), de 1893 a 1903 abre unha Academia particular de Pintura, Debuxo de figura, Copia de estatua, Paisaxe, Adorno, Colorido e Composición, sendo alumnos del mozos e mozas da burguesía local como: José Alguero Penedo, José Paz Vila, Ignacio Núñez Colomer, José Seijo Rubio, Juan Navaza Picado, Antonio Núñez Díaz, Olimpia Tourné, Dolores e María García Ramos, María Couceiro, Concha Costas Amenedo, Pilar Touza, María Montoto, Manola Zuloaga, Joaquina García Iribarne, María Lago Pereira, Amparo Álvarez, Lola Naveira Beade, etc.

Dentro da vida social da cidade de Betanzos temos varios recibos de pago de mensualidades que demostran que era socio da «Tertulia Circo de Betanzos» (...1902...), «socio de número» do Círculo Político Dinástico» (...1903-4...), da «liga de Amigos» (...1906-7...), do «Liceo Recreativo de Betanzos» (...1910...).



Certificado da Real Academia Galega, asinado por Eugenio Carré Aldao, como secretario, e Manuel Murguía, como presidente, no que se di que F. J. Martínez Santiso é «Académico Correspondiente» desde o 15-IX-1905 (AMB, c. 4394).


É autor de diversos traballos periodísticos e moitos outros (de Historia, Arte, Heráldica, etc.) que quedaron sen publicar á súa morte. No Museo das Mariñas conservamos del copias fotográficas, debuxos, pinturas e mesmo parte dos aparellos cos que facía estas obras. Con todo eso e coa documentación que se garda no Arquivo Municipal, vemos claramente o papel salientable que este persoeiro na cidade e, pouco a pouco, pretendemos publicar boa parte da súa obra, sobre todo aquela que ten unha manifestación gráfica.

Certamente a importancia de FJ Martínez Santiso na vida social e cultural de Betanzos foi enorme e xa hai tempo que estamos a sacar á luz moitas das súas facetas. Empezamos por publicar no *Anuario Brigantino 1983* o traballo da súa filla, que nos deu del un marco xeral. Máis tarde (no 1987) preparamos a edición da *Historia de la Ciudad de Betanzos* (orixinal de 1892) de seu irmán Manuel, pero na que, segundo Rosina, FJ tivo unha destacada participación. Logo, no *Anuario Brigantino 1995* publicamos o seu traballo «La Torre del Reloj: [notas para un informe]». E no 2001 o libro da nosa autoría, *Betanzos Fotográfico*, que editou o Concello, tivo moito eco por conter, sobre todo, as fotos de Betanzos máis antigas e espectaculares de que se ten coñecemento, obra de FJ Martínez Santiso.


Por outra parte, nun certificado de 1915 dise que «con relativa frecuencia ha sido Comisionado por la Corporación Municipal de esta Ciudad para el levantamiento de planos, trabajo de delineación y sus complementarios, que han merecido la aprobación del Excmo. Ayuntamiento». Pois ben, nesta liña, daría un paso importante cando se presenta á praza creada polo Concello o 6-XII-1929, chamada «inteligente o técnico en obras», que debería ser cuberta mediante concurso entre os que tiveran o título de «Sobrestante o Ayudante de Obras Públicas, delineante o profesor de dibujo» (AMB, c. 201). Gáña e toma posesión dela o 1-III-1929. Sería este o «funcionario» que tivese ó seu cargo o «servicio de obras», e cobraría a cantidade de 2.000 pts. ó ano. As obrigas eran:

Compulsa de planos de cultura general y especialmente artística, para que informe y asesore a las Comisiones, Secretaría o Alcaldía, en señalamiento de alineaciones y rasantes, con arreglo a proyectos aprobados o a posibles ensanches o mejoras; para que informe sobre el incumplimiento o infracción de Ordenanzas en los proyectos particulares de obras y bajo el punto de vista artístico sobre esos mismos proyectos y acerca de cualquier otras cosas que miren a la corrección de la forma o seguridad material y a la conservación de los edificios públicos; que examine los proyectos de los facultativos y su adaptación cuando la Corporación o la Alcaldía lo disponga, así como el examen técnico, arqueológico y artístico; que se encargue de la vigilancia e inspección por sí o para asesorar a la Comisión de Obras cuando el Ayuntamiento lo ordene y en todos aquellos proyectos que en ausencia de sus directores o facultativos se considerase precisa su intervención; formar planos y proyectar obras de reforma o de nuevo, ya por administración, ya de otro modo y de su dirección, abonándola como es consiguiente el personal y material adecuado.


Por conseguinte, agora fixarémonos en parte dos seus traballos como «inteligente o técnico en obras», mesmo desde moito antes de ter este cargo no Concello, o que nos indica que os facía a título particular. Pero acabaron nos expedientes de obras municipais (hoxe no AMB) e tiveron o seu impacto na fisonomía da cidade. Xunta eles tamén publicamos deseños (frecuentemente bocetos) de obras que quedaron na súa casa e agora se concervan no AMB, tendo en conta que os seus intereses non se centran unicamente nas casas e similares senon tamén nos mobles de madeira, nas lanchas e quen sabe en cantas cousas máis.



F. J. Martínez Santiso solicita a praza de «técnico ó inteligente en obras» do Concello (6-II-1929) (AMB, c. 201).



Borrador de proxecto da casa de D. José Germade en Vista Alegre, Betanzos. 1905. AMB, c-4394 (procede da casa do autor).



Borrador de proxecto de «casa moderna de labranza» en Beldoña. 1905. AMB, c-7742 (procede da casa do autor).




Alfredo Erias

Proxecto de reedificación das casas números 24 e 26 da rúa de Roldán (hoxe, Ferreiros),
propiedade de D. José Salorio, para formar unha sola casa.1905. AMB, c-602.



«Año de 1907». «Expediente instruido á instancia de D. Salvador Brañas Penelas solicitando permiso para hacer obras de reparación en la casa nº 4 de la calle de la Pescadería». A casa data aparentemente do s. XVIII. AMB,c-602. [Este pé corrixe e substitúe ó do Anuario Brigantino 2003 en formato papel].







Proxecto de edificación da casa número 13 da Rúa de Lanzós propiedade de Manuel Fernández Miño. 1910. AMB, c-604.




Proxecto de «Puerta de Jardín», procedente da casa do autor. AMB, c-7742.



Croquis da fachada posterior da casa de D. José Blanco na Rúa da Ribeira, número 1.
1910. AMB, c-604.



Proyecto de reconstrucción da casa número 27 da Rúa Travesa propiedade de D. Antonio López Dans. 1910. AMB, c-604.




Proxecto de reedificación da casa número 13 da 3ª Travesía de Santa María (actualmente Rúa do Cristo), propiedade de José Seoane. 1912. AMB, c- 605.




Proxecto de reedificación da fachada principal da casa número 87 da Rúa da Ribeira
propiedade de María Sánchez Sánchez. 1912. AMB, c-605.



Proxecto de reparación da casa número 7 da Rúa de San Francisco propiedade de María Rivas Casal. 1912. AMB, c-605.



Casa número 7 da Rúa de San Francisco. 1925. AMB, c- 3405.




Proxecto instruído a instancia de D. Antonio Teijeiro González, solicitando permiso para reconstruir, formando unha soa finca, as casas números 24, 26 e 28 da rúa da Marina. Ano 1913. AMB, c-605.



Alfredo Erias



Proxecto de reparacións da casa nº 5 da Rúa Sánchez Bregua (Rúa do Castro), propiedade de D. Manuel Becaría Vázquez. 1920. AMB, c-608. Na páx. anterior, fotos de algo antes e de hoxe.




Proxecto de construción dun segundo piso na casa número 26 B da Praza de Arines (actualmente Praza de Galicia), propiedade de D. Germán Vázquez López. 1920. AMB, c-608.



Borrador de proxecto dunha casa en Bergondo. Sen data.
AMB, c- 7742 (procede da casa do autor).

Borrador de proxecto de casa
de N. Dopico en Souto. 1922.
AMB, c-7742 (procede da
casa do autor).



Borrador de proxecto de reconstrucción da casa número 11 da 2ª Travesía da Torre.
AMB, c-7742 (procede da casa do autor).





*Borradores de fachadas de casas.
AMB, c-7742
(proceden da casa do autor).*





Borradores de fachadas, procedentes da casa do autor. AMB, c-7742.







Arriba, deseño de «vidrieras de la fachada frontal» de casas xemelgas de Rois (Bergondo). 1925. AMB, c-7742 (procede da casa do autor).

Abaixo, borradores de plantas dunha casa a construír quizais tamén en Bergondo. 1933. AMB, c-7742 (procede da casa do autor).

O papel de José Suárez Miramontes, que figura nos dous deseños poidera ser o de mestre de obras, posto que aparece nos planos das plantas como «Maestro J.S.M. Rois».








Borrador de proxecto de casa nos soportais do Campo. 1927. AMB, c-7742 (procedente da casa do autor).




Alfredo Erias



Borradores de proxecto de casa no valdoncel. 1928. AMB, c-7742 (procede da casa do autor).






Borrador de proxecto de galería. Sen data. AMB, c-4394 (procede da casa do autor).




Borrador de proxecto da casa de Germán Vázquez. Sen data. AMB, c-4394 (procede da casa do autor).

Borrador. Moble. Sen data. AMB, c-4394 (procede da casa do autor).







Borrador. Moble. Sen data. AMB, c-4394 (procede da casa do autor). A fotografía corresponde a un armario procedente das Escolas García Naveira, actualmente no Museo das Mariñas e que presenta moitas semellanzas co debuxo.




Borradores. Cama, caixón, mesilla de noite, retrete.
AMB, c-4394 (proceden da casa do autor).





Borradores. Botes. Sen data. AMB, c-7742 (proceden da casa do autor).



BIBLIOGRAFÍA

- ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo e VEIGA FERREIRA, Xosé Mª, 2001, *Betanzos Fotográfico: Imaxes dos séculos XIX e XX*. Concello de Betanzos.
- MARTÍNEZ BARRAL, Rosina, 1984, «Francisco Javier Martínez Santiso (1868-1934): Notas biográficas». *Anuario Brigantino* 1983, nº 6.
- MARTÍNEZ SANTISO, Francisco Javier, 1984, «Las banderas de Betanzos [informe a la Alcaldía en 1909]» (apéndice en MARTÍNEZ BARRAL, Rosina, 1984, «Francisco Javier Martínez Santiso (1868-1934): Notas biográficas». *Anuario Brigantino* 1983, nº 6).
- MARTÍNEZ SANTISO, Francisco Javier, 1996, «La Torre del Reloj [notas para un informe de 1917-27]». *Anuario Brigantino* 1995, nº 18.
- MARTÍNEZ SANTISO, Francisco Javier, 1950, «El Archivo de Galicia». *Anuario Brigantino* 1949, nº 2.